



Nogade

VOLEIBOL

XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS EN IDADE ESCOLAR

1. INSCRICIÓN

A inscrición no programa XOGADE (Xogos Galegos Deportivos) en idade escolar formalizarase a través da aplicación informática que se atopará na aplicación da páxina web www.deporteescolargalego.com.

2. PARTICIPANTES

Cada centro, club ou entidade poderá participar neste programa Xogade na modalidade de Voleibol Federado cun único equipo por categoría e xénero. Un xogador non poderá cambiar de equipo durante a competición.

As categorías serán as seguintes:

Benxamín : nados nos anos 2008, 2009, 2010 (feminina, masculina ou mixta).

Alevín : nados nos anos 2006-2007 (feminina, masculina ou mixta).

Infantil : nados nos anos 2004, 2005 (feminina e masculina).

Cadete : nados nos anos 2003, 2002 (feminina e masculina).

3. SEGURO

Todos os deportistas participantes na actividade deportiva federada de voleibol serán dados de alta no seguro de accidentes deportivos de Xogade que cubrirá a asistencia nos centros concertados ao longo da tempada en curso.

Toda a documentación referente á cobertura do seguro está dispoñible na aplicación de Xogade na páxina web www.deporteescolargalego.com: parte de accidente, protocolo de actuación e póliza.

A póliza e o protocolo de actuación tamén están colgados na portada da aplicación de Xogade para que se poida acceder á información sen claves. (www.deporteescolargalego.com).

É **importantísimo** que todos os participantes e as súas familias coñezan o protocolo de actuación a seguir en caso de accidente.

4. SISTEMA DE COMPETICIÓN E FASES

A competición federada desenvolverase dentro do programa de tecnificación da **Federación Galega de Voleibol**.

Na categoría Benxamín disputaranse catro campionatos provinciais, un por provincia, de libre acceso cun sistema de concentración e una competición en grupos que definirá os campións provinciais.

Alevín Masculino ou Feminino, disputaranse catro campionatos provinciais de libre acceso, en sistema de concentración cunha competición por grupos que definirá os dous primeiros clasificados de cada provincia para acudir ao Campionato Galego Alevín Masculino ou Feminino.

Nas categorías Infantil e Cadete Masculino e Feminino a competición establécese en tres divisións 1ª, 2ª e 3ª división.

A competición de 1ª e 2ª división precisará clasificación previa a través dun sistema de promoción de ascensos e descensos segundo a clasificación da tempada anterior. Desenvolverase nunha liga de dez equipos todos contra todos a dobre volta na primeira fase.

Unha 2ª fase cun play off dos oito primeiros equipos para acadar os catro equipos que participarán na Fase Final do Campionato Galego no caso da 1ª división e o ascenso ou promoción no caso da 2ª división.

A competición de 3ª división será de libre acceso e a competición realizarase nunha primeira fase en grupos atendendo á proximidade xeográfica e unha segunda fase en play off polo ascenso.

5. COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS

Categoría Benxamín

En Minivolei Benxamín cada equipo estará composto por un mínimo de 4 e un máximo de 8 xogadores. O número de xogadores no campo será de 3, debendo presentar en acta un mínimo de 3 e ata un máximo de 8 xogadores. Todos os xogadores deberán xogar, por quendas, polo menos 1 set completo sen substitución (salvo causa de forza maior).

Categoría Alevín:

Cada equipo estará composto por 4 xogadores en campo. O equipo inscribirá un mínimo de 4 xogadores e un máximo de 8 na acta do encontro.

As substitucións realizaranse por parellas de xogadores, que poden entrar-saír unha soa vez cos seguintes límites:

- Máximo de 8 cambios por set, en equipos de 8 xogadores.
- Máximo de 6 cambios por set en equipos de 7 xogadores.
- Máximo de 4 cambios por set en equipos de 6 xogadores.
- Máximo de 2 cambios por set en equipos de 5 xogadores.

En caso de lesión dalgún xogador, aplicarase as regras de substitución excepcional das Regras Oficiais de Voleibol. Non é preciso o uso de tablillas de cambios.

Categoría Infantil e Cadete

Un equipo deberá tramitar un mínimo de 8 licenzas de xogadores/as e 1 de adestrador, que deberá posuír a titulación requirida para a competición na que se tramite a inscrición do equipo. O número máximo de licenzas de xogadores/as que un equipo pode ter en vigor ao mesmo tempo será de 14, sendo tamén este o límite de licenzas que pode tramitar un equipo. Non existirá límite máximo no número de licenzas de adestradores e auxiliares tramitadas.

Non hai límite no número de baixas que pode dar un equipo. Durante a mesma temporada, un equipo que tramitase 14 licenzas poderá tramitar ata catro novas licenzas sempre que previamente dese as baixas correspondentes para non exceder o máximo de licenzas en vigor que pode ter un equipo. Un xogador que fose dado de baixa poderá ser dado de alta, sempre e cando non se sobrepase o anterior número. Deberase utilizar o modelo oficial para dar de baixa a un xogador/a.

6. SISTEMA DE PUNTUACIÓN

Categoría Benxamín: o partido disputarase sempre ao mellor de 3 sets de 15 puntos.

Categoría Alevín: o partido disputarase ao mellor de tres sets. Os dous primeiros sets de 25 puntos e un terceiro, en caso de empate, a 15 puntos. Sempre con diferenza de 2 sen límite.

Categoría Infantil e Cadete: o partido se xogará ao mellor de 5 sets. Cada set se xogará a 25 puntos, agás o quinto set que se xogará a 15 puntos; con diferenza de 2 sen límite en todos os sets.

7. SUPERFICIE DE XOGO

Na categoría Benxamín o campo será de 9 x 4,5 m. e a altura da rede será de 2m.

Na categoría Alevín o campo medirá 12x6m. e a rede estará a 2,10m. de altura.

Na categoría Infantil e Cadete o campo mide 18 x 9 m. e a rede estará a 2,24m. para a categoría masculina e a 2,10 para a feminina.

8. OUTRAS NORMAS

O resto de regras de xogo serán as establecidas no Regulamento de Xogo de cada categoría da Federación Galega de Voleibol.

9. CONTACTO

Para o coñecemento das bases de competición, os interesados poderán dirixirse á FGVB , cos seguintes datos de contacto.

Federación Galega de Voleibol

E-mail: correo@fgvb.es

Tfno: 981 134 453

Praza Agustín Díaz, nº1

Complexo Deportivo de Elviña

15008 - A Coruña

Páx. web: <http://www.fgvb.es>